

Axiña, é para onte

Vanesa RODRÍGUEZ TEMBRÁS

—Bos días.

—Souto, o informe na miña mesa nunha hora.

Luns pola mañá. O café vaise do lume. Un autobús móllalle as perneiras. Péganse ás coxas pola lama. Os papeis do divorcio, expediente número trescentos vinte e oito no maletín. As noticias na radio alarmistas, malas, sempre deprimidas. O condutor non ten cambio. Vai andando. Non ten paraugas. O informe do luns aínda por rematar. “As vacacións terán que esperar, Souto, estamos en crise”. O café sabía a merda. Merda queimada. “No eres tú, soy yo, necesito tiempo para mí, la niña vendrá conmigo, tú siempre tienes mucho trabajo, nunca estás en casa”. O frío súbelle polas coxas. Os zapatos dan noxo. O semáforo en vermello. Vinte minutos tarde. Bos días para todos vós, oficinistas do demo. De oito a dúas. De tres a oito. A caldeira estaba rota. Ducha con auga xeada en xaneiro.

—Permíteme a tarxeta de identificación?

—Levo dezasete anos traballando aquí.

—Número cento catro. Isto, Souto... Adiante. Non entorpeza a entrada.

—Bos días para ti tamén.

Chamádeme Señor Xe. “O sistema non responde, reiniciar?”. Tamén respondo a inútil, lacazán, ‘eh, ti!’, homiño, ‘ese tipo feo de alí’, fracasado, pasmón. “Soutoooo, sabías que un chimpancé sen adestrar sería máis lixeiro ca ti?”. Da miña man non hai nada xa. “No quiero ir el fin de semana contigo, papá, siempre tienes mucho trabajo, nunca estás en casa”. Miña rula, non deixes que te manipulen xa dende tan nova, éche un camiño sen retorno. Señor Xe reiniciándose. Erro no sistema. Virus detectado. *Arredemo* coa crise. Non hai vendas coma antes. Señora, merque as miñas miserias! De balde, señora. Os luns pola mañá sempre son de balde. Creo que non gardei a última actualización do informe rematado. “Soutoooo, tes dez minutos ou a carta de despido na túa mesa”. Váíase ó carallo, xefe. Para deitarse

coa miña muller nunca tivo esas présas. Se non tivera corenta e sete anos, unha hipoteca dunha casa que xa non é miña e unha manutención que pagar, daríalle unha boa malleira. Seino, porcallán, seino. Non dixeran nada no xuízo. Realmente nunca digo nada. Non me molesto en abrir moito os ollos. Érgome cedo para ver máis do mesmo. Durmindo, máis do mesmo. Pesadelos reais. O espello devólveme unha calva e unhas olleiras enfermizas, profundas, noxentas. Esa cara non estivo sempre aí, verdade? U-la mocidade aquel pelo crecho e loiro? “Aí ten o informe”. “Hoxe quero ver o balance do trimestre, así que dálle vidiña, Souto, teño que marchar antes”. Sabe vostede cantas veces o imaxinei esfolado vivo, tirándolle do intestino para facerlle unha soga á medida? “Mándolle o arquivo polo enderezo electrónico ou prefíreo en papel?”. “Arial, letra catorce, gráficos en cores rechamantes”. Certamente cravaríalle a grampadora na gorxa. Pero por agora, chamádeme Señor Xe. Non me lembredes. Non fai falla.

—Eh, Souto! Vaia garabata que te gastas eh! Agora que non chas escolle a *parenta*, tes un aire máis... casual.

A lentitude dos osos preguiceiros móvense a unha media de dous quilómetros por hora, supón a súa defensa fronte aos seus depredadores. A súa xornada dedícaa a durmir, máis as cinco horas que precisa para comer e gabear. A súa dixestión pode durar máis dun mes. Ó contrario que os outros animais, o estilo de vida do preguiceiro consiste na coexistencia pacífica e en pasar desapercibido na copa das árbores. Aínda que non hai que esquecer que teñen unhas gadoupas fortes para reubir e, se non se pode evitar, para ataca-lo inimigo. Os risos das lerchas da oficina xa son parte do son ambiente, coas súas caras cheas de malicia protexidas polas pantallas dos ordenadores.

—Que levas nese maletín, calvorote?

—Só papeis, chego tarde ao traballo.

—Ti tómanos por parvos? Dános todo o que teñas e rapidiño que está caendo unha boa.

—Só teño vinte euros e o móbil, aí tedes.

—Vinte euros para un oficinista? Vaites, vaites, eh, Tonecho, vén ver isto! Este *merdán* aínda vai por aí cun *Nokia 3210!*

—Non se merece nin que gastemos o fío da navalla nese bandullo.

“Ten... unha ...mensaxe nova...Xacobe... Prema un se quere escoitala”. O café asubiando na cociña. “Señor... Souto, expediente mil corenta, ante a imposibilidade de contactar con vostede, por favor, cando escoite esta mensaxe pida cita co doutor Casavella coa maior brevidade posible con motivo dos resultados das súas probas realizadas recentemente. É urxente. Moitas grazas”. O café fuxindo entre os ferros. O leite xa cheira a acedo. Engurou o fociño. Non berrou, non fixo nin un só comentario en voz alta, tiña a tranquilidade dun volcán antes de estourar. Sen saber cando vai ser iso.

Os icebergs son un verdadeiro perigo para os barcos porque só sobresaen á superficie mariña unha oitava parte do seu tamaño orixinal. Están feitos de auga doce, pouca xente o sabe. Estas illas de xeo existen grazas á particularidade da auga que na súa forma sólida ten menos densidade que en estado líquido, porén o xeo acumúlase na superficie e non no fondo dos océanos. Auga doce que pode mandar ao carallo ó

mesmísimo Titanic. A fachenda a pique. Eses fermosos cubiños de xeo flotantes poden ser verdadeiros monstros mariños.

—Hai que liscar de aquí. Acaban de chamar os de seguridade. Hai unha ameaza de bomba, parece seria a cousa.

—Veña! Bulide! Ai! Virxenciña do Carme! Como sexa unha broma, matarei a alguén.

—Souto? Souto? Escoitaches? Unha bomba no edificio! Hai que evacualo enseguida polas escaleiras de emerxencia. Axiña! Eh, ti! Deixa iso!

—Estou a reiniciar o sistema.

—Fai o que queiras, Souto, nos marchamos.

O ismo do Xapón fixo despraza-lo eixe da Terra uns quince centímetros. O día acurtouse, deste xeito, 1,8 millonésimas de segundo. Pasou algo semellante co tremor da terra en Chile. A vida acúrtase sen que poidas facer nada para evitalo. O máis triste é que ás veces se faga tan longa, sen pretendelo. Non hai bomba que por ben non veña. Estoupará en oito minutos e corenta e dous segundos. Aínda teño tempo para rematar este balance. Un balance pésimo, con moitos números en vermello, por certo. A vinganza é doce, coma un iceberg, e fera coma a gadoupa dun oso preguiceiro sempre sorrinte. A vinganza contra un mesmo, en troques, é aceda, pero agarimosa.